

ENREDARTE

ESPAZOS PÚBLICOS DE VISIBILIDADE

BASES DA CONVOCATORIA

“Espazos públicos de visibilidade” é unha oferta da Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo, realizada, dentro do proxecto **ENREDARTE** a través da Rede Museística, na que os museos integrantes desta Rede (Museo Provincial de Lugo, Museo Fortaleza de San Paio de Narla, Museo Provincial do Mar e o Pazo de Tor) ofrecen os seus espazos para a presentación pública de calquera proposta de actividade cultural (teatro, música, danza, preentación de libros, humor, etc.)

Esta iniciativa desenvolverase desde o 1 de xullo ao 31 de agosto de 2013. Todas as persoas interesadas en espazos dos catro museos da Rede Museística da Deputación de Lugos nos que desenvolver as súas propostas de actividade cultural deberán:

- 1.- Enviar a proposta do proxecto, en formato dixital, xunto co resto da documentación requirida, antes das 14.00 horas do 30 de maio, a: xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org, indicando número de teléfono de contacto, enderezo postal e e-mail.
- 2.- Breve CV do artista ou grupo de artistas integrantes do proxecto.
- 3.- O dossier do proxecto da actividade cultural deberá incluír os seguintes aspectos: Título, xustificación do mesmo, anteprojecto do deseño adaptado ao espazo solicitado, etc., e deberá axustarse ás datas escollidas pola organización (Rede Museística da Deputación de Lugo).
- 4.- Un xurado especializado seleccionará, os que mellor se axusten a cada un dos museos da Rede Museística da Deputación de Lugo.
- 5.- A persoa responsable do proxecto cultural deberá:
 - Facer un seguimento do proxecto
 - Cumprir coa entrega de material e información para a divulgación dos seus traballos: elaboración de textos para folletos, carteis, etc.
 - Ter o material no espazo sinalado, unha semana antes da inauguración, en perfectas condicións para a súa exhibición.
 - Facerse cargo da montaxe, desmontaxe e transporte
 - Unha vez rematada a exposición, o artista comprométese a retirala dentro da semana seguinte á data da clausura.
 - Participar activamente nos diversos actos públicos vinculados ó proxecto e actividades paralelas á exposición.

- 6.- A Rede Museística da Deputación de Lugo non se fai responsable:
 - dos gastos de materiais, medios e ferramentas necesarios para realizar as obras polas cales os artistas foron seleccionados; así como tampouco dos gastos da montaxe, desmontaxe e transporte das citadas obras.
 - dos gastos de aloxamento e manutención dos artistas participantes, así como tampouco dos traslados destes.
 - dos danos ou faltas que poidan xurdir nas obras e nos medios e materiais utilizados polos artistas durante o proceso de traballo.

A Rede Museística da Deputación de Lugo:

- poñerá á disposición do artista os planos ou parámetros técnicos dos ditos espazos, que poderán visitar, aviso previo, se o considerasen necesario.
- comprométese á elaboración da información correspondente do proxecto escollido

- 7.- A resolución e dos proxectos de actividades culturais seleccionadas farase pública, antes do 10 de xuño, na páxina web do Museo Provincial de Lugo (<http://www.museolugo.org>) e no blog do Proxecto Enredarte (<http://enredarteredemuseistica.wordpress.com/>), ao tempo que lles será notificada aos reponsables a resolución por teléfono e/ou correo electrónico.

- 8.- A persoa ou persoas que solicitan a participación nesta convocatoria deberán declarar que os datos que achega son veraces e que acepta todos os puntos presentes nesta, comprometéndose a levar a cabo os ditos puntos e respectar os prazos estipulados.

- 9.- A participación nesta convocatoria de “Espazos públicos de visibilidade” supón a aceptación das presentes bases, as resolucións que o xurado e a organización consideren oportunas e a renuncia a calquera tipo de reclamación.

Para calquera información adicional, pode deixar as súas consultas no e-mail xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org ou no tfno. 982 242 112.

